

ROGOS E PREGUNTAS

Como a Consellería continúa sen respostar as preguntas que se fan na Mesa remitímonos solicitando resposta ás feitas en mesas anteriores

- Petición dun calendario de mesas para o que queda de curso coa temática a tratar:
 - Negociación dos novos ROCs
 - Negociación dun proceso de estabilidade para o profesorado interino
 - Redución carga horaria maiores 55
 - Administrativos nos centros de Ei e EP
 - Ratios, cumprimento do programa electoral
 - EOI: necesidade dunha mesa de negociación específica

Ademais solicitamos e preguntamos o seguinte:

- Retirada das Bases para á elaboración do novo decreto
- Retirada da circular das EOI
- Ditar instrucións aos centros para que elixan á persoa responsable de igualdade nos centros tal e como indica a LOE no artigo 126
- Instar desde a Consellaría ao seu Partido a que defenda o cumprimento do seu programa electoral no mantemento da xubilación voluntaria, anticipada e incentivada.

Como novos puntos tratados nesta mesa destacamos:

- Profesorado interino: solución mediante unha moratoria para aquel profesorado que non dispón do CAP polo que non pode

presentarse ás oposicións e caería da lista. Virá á mesa sectorial un documento sobre as listaxes que contemplará unha moratoria para estes casos.

- Demandamos información sobre as probas de avaliación diagnóstica que se fixeron. Como se van xestionar os datos? Cando se vai informar dos resultados? Que medidas se van tomar a partir dos resultados?. Non contestan.
- Cal é o estado do CIFP de Lugo, que se vai construír?, que ciclos acollería? Ter en conta que en toda a provincia só esta como CIFP o de Ribadeo, nunhas condicións bastante particulares: obras iniciadas e abandonadas por quebra, segue contendo a ESO, ... Estudarse no seu momento coa oferta de ciclos formativos
- Solucións para o Ciclo Medio de Cociña e gastronomía, en canto módulo de Cociña galega de vangarda. Non contestan.
- Publicación dos currículos pendentes, tal como CM de Instalacións eléctricas e automáticas e todos aqueles implantados xa que estanse impartindo e non teñen currículo. Non contestan.
- Dotacións aos ciclos de cara a cubrir as necesidades de formación que antes non tiñan, debido os novos currículos LOE. Non contestan.
- Comprobacións dos equipos e máquinas almacenadas xa que consumen a garantía en almacén. Logo a corrección dos defectos debe ser a cargo do ciclo. Non contestan.

TAMÉN DE ACLAROU:

- OPOSICIÓNs: retrasarase a convocatoria para facilitar o acceso ao informe substitutivo.

Secretariado Nacional do STEG
febreiro 2010